

# ORQUESTRA BRAVÚ XANGAI



# ORQUESTRA BRAVÚ XANGAI

A **ORQUESTRA BRAVÚ XANGAI** é moito máis que un grupo: colle prestado o alcume do tren que durante décadas uniu Galicia e Catalunya e que conduciu a miles de galegas e galegos cara a Barcelona. Toman o seu nome para simbolizar este encontro entre o Atlántico e o Mediterráneo.

No comboio viaxan agora -unidos pola música e a amizade- nomes importantes da música galega, membros de históricas formacións como Papaqueixos, Diplomáticos, Brassica Rapa ou A Magnifique Band dos Homes sen Medo. **Xuntos conforman unha locomotora musical de vocación festiva.**



# O ESPECTÁCULO: A Orquestra Bravú

**“Din pola banda de Grecia que Orfeo tiña que cantar cada mañá para que puidese saír o Sol. Nesta terra de artistas armamos festa cada noite para que se deite no Océano”**

Este é o poder de Xangai. Un espectáculo de gran formato, a tradición orquestral do metal galego para achegármonos, con distorsión, a todas as formas da música popular.

Trinta anos de ruta concentrada. A experiencia emocional desa xeración que inventou o bravú e converteu a aldea no centro do mundo.

Ou o que é o mesmo: Xangai, música cósmica, para facer bailar o propio Sol!

**ORQUESTRA BRAVÚ** son nove músicos no escenario para armar unha festa única:

**Mighelón Paz:** batería, percusión e voz

**Antón Díaz:** baixo e voz

**Guni Varela:** guitarra e voz solista

**Xan Xove:** gaita e voz

**María Prado:** trompeta e voz

**Richi Casás:** saxo alto e voz

**Martinho da Bandeira:** saxo tenor e voz

**Oli Cano:** saxo barítono, frauta traversa, sintetizador, voz e baile ao vivo

**Xurxo Souto:** voz

**Max Ferreiro:** son ao vivo



facebook



instagram



**CULTURACTIVA S. COOP. GALEGA**

info@culturactiva.org  
www.culturactiva.org  
+34 981 582 836

